

OS ANIMAIS



Somos exploradores!: nas nosas saídas podemos observar aos animais que atopemos, facerlles unha foto ou anotar as súas características. Na casa podemos clasificalos seguindo os cadros que temos no Drive, Falando das características físicas, do que comen, os seus coidados...



Xornalistas: busco no xornal, revistas ou en internet, noticias sobre os animais. Podo pegar a noticia nun papel, facer un debuxo sobre a noticia e escribir o nome do animal do que trata.




O animalimposible: recorto varias tiras de papel. Nunhas tiras debuxo cabezas de distintos animais, noutras os corpos e noutras as patas. Logo xunto tres partes ao chou e xa temos un animalimposible.



Adiviñas: adiviña o animal. Podes escribir o seu nome e debuxalo. Tedes adiviñs no Drive.

AS PLANTAS



As plantas precisan...: debuxamos nun papel a auga, o aire, a luz solar e a terra. Pegamos no modelo de regadeira os distintos elementos e escribimos o seu nome.

O seu ciclo de vida: ordenamos as secuencias temporais que atoparedes no Drive Familias. Para aqueles que fixerades a actividade do invernadoiro na casa podeades cubrir o cadro de observación.



A flor máis bonita do mundo: a través desta actividade queremos acercar o proceso de polinización aos cativos. Falamos sobre as flores: por que recenden? por que son de cores? por que se achegana elas os insectos? Segue no Anexo I.



Papel con sementes: unha das causas da deforestación é a tala de árbores para a fabricación do papel. Por iso propoñémosvos que creedes o voso propio papel reciclado caseiro. Atoparedes a súa receita no Anexo II.

A AUGA



Usos da auga: observamos as ilustracións e escribimos para que actividades precisamos a auga. Despois enchemos un vaso, outro deixámolo pola metade e outro sen nada. ¿É iso xusto? Falamos sobre o seu consumo responsable.

O ciclo da auga: realizamos este sinxelo experimento para achegar aos nenos o coñecemento do ciclo da auga. Instrucións no Drive Familias.



Coidamos os océanos: vemos o conto Aquatika (ver Drive). Despois creamos unha bandexa sensorial simulando a auga sucia, podedes poñer peixes, plásticos... mentres xogan con ela podemos preguntarlles que sentirán os peixes vivindo nun auga tan sucia.

Creamos animais mariños: escollemos o noso animal mariño favorito e creámolo reempregando os plásticos que teñamos pola casa.

O TEMPO

Rimas tolas
climas tola



Rimas tolas para climas

tolos: aprendemos algún dos

trabalinguas que aparecen no Drive e decoramos as súas páxinas de xeito libre empregando distintas técnicas plásticas das que xa coñecemos.

Saltamos charcos: mentres soa a música saltamos de charco en charco. Cando pare temos que dicir o nome da letra, o seu son e dúas ou tres palabras que comecen pola mesma, facendo fincapé no son da inicial.



Tornado: enchemos un bote de cristal con auga, poñemos un bo chorro de deterxente para vaixelas. Pechamos o bote, axitamos e xa temos o noso tornado.



Pau da choiva: collo un rolo baleiro. Atraveso con pauciños o rolo (entrelazando libremente). Tapo un extremo. Poño sementes e tapo o outro extremo. A soar!

A RECICLAXE



Reciclamos: recorta ou debuxa e pega distintos produtos para reciclar no seu contedor. Teredes un exemplo no Drive.



Tapóns: con tapóns de plástico podedes facer bonitas composicións, como animais ou plantas.



Falamos?: cuns vasos de iogur podemos facer un teléfono móbil. Decora dous vasos baleiros. Fai un pequeno buraco na parte de abaixo dos vasos. Úneos cun fío e pono moi tenso. Xa tes o teu teléfono móbil.



Encesta!: cortamos unha botella de plástico. Collemos a parte da tapa. Decoramos ao noso gusto. Facemos un pequeno buraco na tapa. Colocamos unha corda e ao final da corda unha boliña. A encestar!

ANEXO I

A flor máis bonita do mundo: a través desta actividade queremos acercar o proceso de polinización das flores aos cativos.

A polinización é a transferencia dos grans de pole das flores desde os estames ata que chegan ao pistilo, onde xermolan, facendo posible a produción de sementes e froitos.

Falamos sobre as flores: por que recenden? por que son de cores? por que se achegan a elas os insectos? A partir das preguntas vemos como se transporta o pole a través de diferentes axentes, principalmente o vento e os insectos (abellas e bolboretas na maioría de plantas con flor), pero tamén a través da auga e de animais vertebrados, como ratos, morcegos e paxaros. Todos os polinizadores, tanto os insectos como os animais vertebrados, visitan as flores porque necesitan algo para si. Isto pode ser néctar, pole ou ambos. Durante a súa visita o pole pégase ao seu corpo e despois pode caer accidentalmente sobre o pistilo doutra planta da mesma especie.

Recollemos flores e observamos as distintas partes. Durante o proceso podemos traballar tamén o sentido do olfacto e do tacto. Introducimos novos materiais como cartolinas de cores, tesoiras, folios e pegamento e propoñemos crear flores coa premisa de que sexan as flores máis bonitas do mundo para os insectos. Ademais destes materiais, pódense utilizar as partes das flores resultantes da exploración anterior.

ANEXO II

Papel con sementes: Esta actividade combina a xerminación de sementes coa reciclaxe. Consiste en fabricar papel con sementes. Para empezar, non debes desfacervos de xornais vellos, revistas, papeis usados... xa que serán o principal ingrediente desta receita.

QUE PRECISAMOS?

- Papel para reciclar
- Cubo
- Auga quente
- Batedor
- Coador ou escorredor de verduras
- Bandexa
- Sementes
- Tea ou pano
- Esponxa
- Colorante alimentario (opcional)

PASOS A SEGUIR:

- Cortar o papel que queiramos reciclar en anacos moi pequenos.
- Introducilos nun recipiente grande como un cubo e botarlle auga quente (máis ou menos o dobre de auga que de papel)
- A continuación triturámolo e mesturámolo ata obter unha pasta (podemos empregar un batedor) e deixámolo repousar durante unhas horas.
- Unha vez temos a pasta, tratamos coa axuda dun coador ou escorredor de verduras de sacarlle o máximo de auga posible.
- Estendemos a pasta sobre unha bandexa creando unha lámina.
- Engadimos por enriba da lámina de papel unhas sementes e se queremos tamén pequenos anacos de pétalos de flores (isto só é para que quede máis bonito)
- Tapamos a lámina cunha tea ou pano e prememos coa axuda dunha esponxa para seguir retirando o exceso de humidade.
- Cando a tea absorba a auga retirámola de todo e deixamos que o papel seque como mínimo durante un día.

Unha vez listo, podedes recortalo de diferentes formas. E o mellor de todo é que se cortades varios anacos pequenos, os cubrides con algo de terra e os regades aos poucos días veredes como medran as novas plantas.

**Se queres crear papel dunha cor determinada, bastará con engadir colorante alimentario á pasta antes de mesturar todo co batedor.*